# Nadal 2019

SANTIAGO DE COMPOSTELA



# Calendario de Nadal

## 5

INAUGURACIÓN ILUMINACIÓN DE NADAL

MERCADO DA CARREIRA DO CONDE

BELÉN DE SAN FIZ DE SOLOVIO

## 7-8

II Concurso de Canto Compostela Lírica
Asociación de Amigos da Ópera

## 11

Aula de teatro da USC

## 12

*Mesías* participativo coa Real Filharmonía de Galicia

## 13

Pasearte

## 14

Centros Socioculturais

## 15

*Made in USA*
Banda Municipal de Música

Multixogo de Nadal

## 16

XX Entrega de Premios Manuel Beiras

Coro do Centro Xove da Almáciga

## 18

Pasearte

## 19

Torneo de Xadrez de Nadal

Jaime Martín dirixe a Real Filharmonía de Galicia

## 20 21 22

MERCADO DA ESTRELA

Festa de Nadal Escolas infantís municipais

Nadal Solidario

Espiño & Porteiro

Mississippi Mass Choir

*Santa Inés*

CGAC
A cidade das mulleres

*Imos de galerías*

Gala Pallasos en Rebeldía

Cantada de Nadal

Campionato galego de karate

CGAC

Coro da Ra, Son Elas, Estudio e Coros Infantís

## 23

*BiMaxias*
Fani Triana e Martín Camiña

## 24 25

BO NADAL

## 26

*Lázaro de Tormes*

Corais de Compostela no Nadal

## 27

*A4. Piano a catro mans*

Cantar ELAS. Leilía

## 28

FESTA DO APEGO 2019

## 29

*Aguratrat*
Manu Fernández, Victoria Pérez, Xosé Leis

Corais de Compostela no Nadal

## 30

*Ofrenda nacional ao Apóstolo Santiago*

*O Mago de Oz*
Avento Producións

## 31

Carreira de San Silvestre

Concerto de Fin de Ano

## 1

FELIZ 2020

## 3

*Translation trío*
Marcos Teira

## 4

*Pasearte*

Concerto de Reis

## 5

CABALGATA DE REIS

Concerto de Reis Real Filharmonía de Galicia

**EDICIÓN**
Concello de Santiago de Compostela

**IMAXE DE PORTADA/CONTRAPORTADA**
Rosalía Porto-Vilas Sixto (Manjoleteira)

**DESEÑO/MAQUETACIÓN**
Helena Porto-Vilas Sixto (Manjoleteira)

**ROTATIVA**
Galicia Editorial SL

**DEPÓSITO LEGAL**
C 2233-2019


**ENDEREZOS DE INTERESE**

Teatro Principal
Rúa Nova 21 · 981 542 347 (oficina)
981 542 349 (despacho de billetes)
teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

Auditorio de Galicia
Avda. do Burgo das Nacións, s/n · 981 552 290
info@auditoriodegalicia.org

Centro Sociocultural da Trisca
Corredoira das Fraguas, 92 / 981 543 192

Centro Sociocultural das Fontiñas
Rúa de Berlín, 13 / 981 528 750

Centro Sociocultural de Conxo
Praza de Aurelio Aguirre, 1 / 981 528 740

Centro Sociocultural de Santa Marta
Rúa de Antonio Rama Seoane, 6 / 981 543 017

Centro Sociocultural de Vite
Rúa de Carlos Maside, 7 / 981 542 490

Centro Sociocultural do Castiñeiriño
Rúa da Virxe da Fátima, 1/ 981 542 459

Centro Sociocultural O Ensanche
Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16 / 981 543 001

**PROGRAMACIÓN SUXEITA A POSIBLES MODIFICACIÓNS**

- Público Infantil
- Para todos os públicos
- Público adulto
- Público familiar
- Teatro
- Música
- Conto infantil
- Arte
- Roteiro
- Danza e baile
- Obradoiro
- Iluminación
- Mercado
- Xadrez
- Animación
- Nenos e nenas
- Bebeteca
- Charla
- Narración
- Familias
- Igrexa
- Pallasos
- Premios

## XOVES, 5 DE DECEMBRO



### INAUGURACIÓN ILUMINACIÓN DE NADAL 2019

**19 h | Praza do Obradoiro**

### MERCADO DA CARREIRA DO CONDE

**Apertura: 12 h**
**Inauguración: 19.15 h**

Máis información na páxina 16

### BELÉN DE SAN FIZ DE SOLOVIO

**Apertura: 11 h | Igrexa de San Fiz de Solovio**

Máis información na páxina 13

## SÁBADO, 7 DE DECEMBRO

### II Concurso de Canto Compostela Lírica. Asociación de Amigos da Ópera

**19 h | Teatro Principal | Prezo: 5 €**

Primeira fase. Eliminatoria. O II Concurso de Canto Compostela Lírica, dotado pola Fundación José Otero-Carmela Martínez, terá como destinatarios os novos talentos do mundo da lírica. O seu obxectivo é proporcionarlles unha proxección profesional na etapa inicial das súas carreiras.

Duración: 200 min (aprox)

Entradas á venda en: //entradas.abanca.com e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h.

## DOMINGO, 8 DE DECEMBRO

### II Concurso de Canto Compostela Lírica. Asociación de Amigos da Ópera

**19 h | Teatro Principal | Prezo: 5 €**

Segunda fase. Final. O II Concurso de Canto Compostela Lírica, dotado pola Fundación José Otero-Carmela Martínez, terá como destinatarios os novos talentos do mundo da lírica. O seu obxectivo é proporcionarlles unha proxección profesional na etapa inicial das súas carreiras.

Duración: 130 min (aprox)

Entradas á venda en: //entradas.abanca.com e no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h.

## MÉRCORES, 11 DE DECEMBRO

### *Quen canta Alí?.* Fabaloba e Luís Prego

De 1 a 6 anos

**18.30 h | CSC de Villestro | De balde**

Alí viaxa canda a familia a un lugar onde xa non hai paporroibos, pardais ou lavandeiras, senón simplemente "paxaros". Cada ser que perde o seu nome perde tamén a súa luz baixo os ollos de quen non sabe mirar. Recuperalos é cousa de todos e todas.

Duración: 50 min (aprox)

Entrada libre ata completar a capacidade da sala




### *En inverno non vai tempo para ir á praia pero ti insistiches en ir e facer un pícnic.* Aula de teatro da USC

**21 h | Teatro Principal | De balde**

En inverno non vai tempo para ir á praia. O mar come a bocados a area e deixa á vista unha pedreira pola que é imposible andar. En inverno, os chiringuitos da praia están pechados. Danlle un aspecto desolador á paisaxe. Semellan os restos dun cadáver: os despoxos da felicidade despois do verán. Máis información na páxina 12.

Duración: 47 min

Retirada previa de convite o mesmo día da función no despacho de billetes do Teatro Principal dende as 18 h

## XOVES, 12 DE DECEMBRO

### *Un bico para Alí.* Fabaloba e Luís Prego

De 1 a 6 anos

**18.30 h | CSC de Vite | De balde**

Entre os novos amigos de Alí hai un moi especial: un neno con problemas por mor dun vento triste que lle levou a fala. Unha nova aventura de Alí con música en directo na que coñecermos unha chea de cancións, xogos e contos para compartir cos cativos e cativas.

Duración: 50 min

Entrada libre ata completar a capacidade da sala

### *Mesías* participativo coa Real Filharmonía de Galicia

\+ de 10 anos

**20.30 h | Auditorio de Galicia | Prezo: 18 €**

Coralistas afeccionados interpretan partes corais coñecidas do Mesías como o "Aleluia" xunto á Real Filharmonía de Galicia, solistas tan recoñecidos como Lisa Willson, Catherine Hopper, Guy Cutting e Morgan Pearce e cun director de prestixio internacional como Robert Howard. Os coros participantes nesta edición son Alfaia, Polifónica La Salle, Asubíu, Cardeal Quiroga da Catedral de Santiago e Harmonia Stellae, e preparan a obra durante varias semanas de forma conxunta nun proceso no que a aprendizaxe é continua e desemboca nun concerto traballado e caracterizado polo entusiasmo e a enerxía do coro afeccionado.

Duración: 90 min (aprox)

Entradas á venda no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h e no despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do concerto dende as 19 h

## VENRES, 13 DE DECEMBRO



### *Pasearte*

**18 h | De balde**
**Saída de Galería Metro.**
**Rúa do Xeneral Pardiñas, 12-16, Local 14**

Paseo para gozar dun percorrido guiado á procura das obras de arte expostas nos escaparates. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

### *Mesías* participativo coa Real Filharmonía de Galicia

\+ de 10 anos

**20.30 h | Auditorio de Galicia | Prezo: 18 €**

Coralistas afeccionados interpretan partes corais coñecidas do Mesías como o "Aleluia" xunto á Real Filharmonía de Galicia, solistas tan recoñecidos como Lisa Willson, Catherine Hopper, Guy Cutting e Morgan Pearce e cun director de prestixio internacional como Robert Howard. Os coros participantes nesta edición son Alfaia, Polifónica La Salle, Asubíu, Cardeal Quiroga da Catedral de Santiago e Harmonia Stellae, e preparan a obra durante varias semanas de forma conxunta nun proceso no que a aprendizaxe é continua e desemboca nun concerto traballado e caracterizado polo entusiasmo e a enerxía do coro afeccionado.

Duración: 90 min (aprox)

Entradas á venda no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h e no despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do concerto dende as 19 h

## SÁBADO, 14 DE DECEMBRO

### *A viaxe de Nano.* Raquel Queizás

De 1 a 4 anos

**17.30 h | CSC de Verdía | De balde**

Nano é unha ra pequena que vive cada día unha nova aventura, porque cando se é tan pequeno ata as cousas máis sinxelas se converten nun reto. Aprende pouco a pouco o nome das cousas. Todo o fai xogando

Duración: 50 min

Entrada libre ata completar a capacidade da sala

### *Feira das linguas.* Lydia Botana

A partir de 7 anos

**18.30 h | CSC de Conxo | De balde**

Bolboreta volve dunha das súas xiras musicais polo deserto cando se atopa con Sergi, un feirante un tanto peculiar. Xuntos descubrirán que as raíces son importantes.

Duración: 50 min

Entrada libre ata completar a capacidade da sala



### *Elisa e Marcela* A Panadaría

**19 h | CSC de Santa Marta | De balde**

Comedia musical onde o verídico parece invento. Dúas mulleres casan na igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home. Máis información na páxina 12

Duración: 50 min

Entrada libre ata completar a capacidade da sala



### *Baile de autor.* Manuel Liñán

**20.30 h | Teatro Principal | Prezo: 10 €**

Preséntase o espazo onde o director, o autor, vai creando as distintas escenas da peza e dando vida a cada elemento: a luz, o son, o cante, a guitarra, a música, o baile... Unha fantasía que xera lazos de unión no artista, como coreógrafo e bailaor. Un director que soña, un bailaor que baila. Máis información na páxina 13.

Duración: 75 min

Entradas á venda no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h e no despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do concerto dende as 19 h

## DOMINGO, 15 DE DECEMBRO

### *Made in USA*. Banda Municipal de Música

**12 h | Teatro Principal**

Concerto da Banda Municipal de Música

Entrada libre ata completar a capacidade

### Multixogo de Nadal

Ata 15 anos

**De 16.30 a 20.30 h | Multiusos Fontes do Sar**

Visita de Papá Noel, zumba de nadal para toda a familia, obradoiros de postais de Nadal, inchables, camas elásticas.

Entrada de balde entregando un xoguete ou complemento deportivo (recollida solidaria de xoguetes con fins solidarios para Cáritas)

## LUNS, 16 DE DECEMBRO

### Coro do Centro Xove da Almáciga

**19.30 h | Mercado de Nadal | De balde**

Baile. Duración: 15 min

Acceso libre

### XX Entrega de Premios Manuel Beiras

**20 h | Teatro Principal | De balde**

Os Premios Manuel Beiras recoñecen e poñen en valor as empresas que empregan habitualmente o galego na súa comunicación. O acto será conducido polo actor Carlos Blanco.

Duración: 1 h 30 min

Entrada libre ata completar a capacidade

### Coro do Centro Xove da Almáciga

**20.30 h | Mercado de Nadal | De balde**

Baile. Duración: 15 min

Acceso libre

## MARTES, 17 DE DECEMBRO

### FESTA DE NADAL nas escolas infantís municipais

usuarios da escola

**16 h | De balde**
**Escola infantil municipal de Conxo**

As crianzas da EIM de Conxo escenificarán para as súas familias os tres últimos anuncios do ano, cantarán a panxoliña da escola e terán a visita de Papa Noel. Este vainas agasallar cunha merenda saudable, integrada no proxecto dos Pequesaudables posto en marcha este ano nas EIM do Concello de Santiago.

Duración: 1 h 30 min

Acceso libre. Familias usuarias da escola

## MÉRCORES, 18 DE DECEMBRO

### Pasearte

**18 h | De balde**
**Saída de Galería Metro. Rúa de Xeneral Pardiñas, 12-16, Local 14**

Paseo para gozar dun percorrido guiado á procura das obras de arte expostas nos escaparates. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

## XOVES, 19 DE DECEMBRO

### Torneo de Xadrez de Nadal

**18 h | CSCX do Ensanche | De balde**

Encontro de xogadores afeccionados ao xadrez

Duración: 1 h 30 min

Inscrición previa no CSCX do Ensanche

### Jaime Martín dirixe a Real Filharmonía de Galicia

**20.30 h | Auditorio de Galicia | Prezo: 15 €**

Interpretarase a Serenata núm. 1 en Re maior, op. 11 de J. Brahms e a Serenata núm. 9 en Do maior, KV 320 "Posthorn" de W. A. Mozart. Previamente, ás 19:45 h, haberá o "Conversando con Jaime Martín".

Duración: 90 min

Entradas á venda no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h e no despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do concerto dende as 19 h






## MERCADO DA ESTRELA

**Praza do 8 de Marzo e arredores, Centro Obra Social Abanca e praza de Cervantes | De balde para visitantes**

Mercado de Nadal dedicado ao talento creativo de artistas, artesáns, produtores e emprendedores de Galicia.

Máis información na páxina 17.

## FESTA DE NADAL
## nas escolas infantís municipais

usuarios da escola

**16 h | De balde**
**Escola infantil municipal das Fontiñas**

A escola ambientarase nunha cidade de Nadal. Cantarase a panxoliña da escola, as familias poderán participar en diferentes obradoiros: un de manualidades, un de música e movemento e outro de xogos de Nadal, e rematará a festa coa visita do Apalpador, que ofrecerá unha merenda Pequesaudable.

Duración: 1 h 30 min

Acceso libre. Familias usuarias da escola

## FESTA DE NADAL
## nas escolas infantís municipais

usuarios da escola

**16 h | De balde**
**Escola infantil municipal de Meixonfrío - Salgueiriños**

A representación deste ano escenificará as badaladas de fin de ano. As crianzas cantarán unha panxoliña en inglés e terán a visita de Papá Noel que as agasallará cunha merenda Pequesaudable.

Duración: 1 h 30 min

Acceso libre. Familias usuarias da escola



## Ruada do Apalpador

**18 h | De Balde**
**Percorrido: Desde a rúa de Santa Clara (local da Gentalha do Pichel) ata a praza de Cervantes, pasando por San Roque e Algalia. Regreso polo mesmo traxecto ata o local de inicio.**

O Apalpador chega do Courel para saudar as crianzas de Compostela! Acompáñano as trasgas, a música en directo dos grupos Brasika Rapa e o cuarteto tradicional do Pichel, animación de CircoNove e moitas nenas e nenos con ganas de o saudar. Abrindo a comitiva, o tradicional Natarego, un madeiro que arderá durante todas as festas para protexernos. Na praza de Cervantes o Apalpador dará o seu pregón e as nenas e nenos do grupo de baile da Semente farán unha actuación.

Duración: 90 min

Pasarrúas con participación de nenos e nenas, actores e actrices, animación e música.

## *Pasearte*

**18 h | Saída de Galería Metro.**
**Rúa do Xeneral Pardiñas, 12-16, Local 14 | De balde**

Paseo para gozar dun percorrido guiado á procura das obras de arte expostas nos escaparates. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

## Festival de Nadal 2019
## Escola Municipal de Música de Santiago

**19 h | Teatro Principal | De balde**

Festival das agrupacións e colectivos da Escola Municipal de Música, no que se dá a coñecer o traballo desenvolvido ao longo do trimestre.

Duración: 1 h 30 min

Retirada previa de entrada na Escola Municipal de Música

## VIII Nadal solidario. Corais de Compostela

**19.30 h | Capela Xeral das Ánimas | De balde. Donativo voluntario**

Actuación das corais de Santa Susana, La Salle e Hermano Gómez, a prol da cociña económica e Albergue de San Francisco

Duración: 1 h

Entrada libre ata completar a capacidade



## Espiño & Porteiro

**20 h | Centro Xove da Almáciga | De balde**

Alfonso Espiño abonda no eido do pop de corte psicodélico mesturado con folk-rock. Tomás Porteiro presenta cancións acústicas con sonoridades jazzísticas, pop e folk-rock. Máis información na páxina 13.

Duración: 2 h

Entrada libre

## Mississippi Mass Choir

**20.30 h | Auditorio de Galicia | Desde 30 €**

The Mississippi Mass Choir gañou numerosos premios polas súas contribucións á música gospel e ten realizado múltiples xiras polos Estados Unidos de América, Europa, Xapón e América Latina.

Duración: 55 min

Venda de entradas en: //entradas.ataquilla.com




## SANTA INÉS

A partir de 16 anos

**20.30 h | Igrexa da Universidade | De balde**

Actividade que estuda a muller no cristianismo dende unha perspectiva de xénero. Máis información na páxina 14.

Duración: 80 min

Retirada previa de convite no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 – 21 h e ata 1h 30 min antes do espectáculo






## MERCADO DA ESTRELA

**Praza do 8 de Marzo e arredores, Centro Obra Social Abanca e praza de Cervantes**
**De balde para visitantes**

Mercado de Nadal dedicado ao talento creativo de artistas, artesáns, produtores e emprendedores de Galicia. Máis información na páxina 17

## As exposicións do CGAC

**12 e 18 h | CGAC | De balde**

Visita guiada. Máis información na páxina 20.
Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

## *A cidade das mulleres*. Faia Díaz

**12 h | Saída do Museo do Pobo Galego | De balde**

Percorrido pola Compostela máis descoñecida para desvelar os espazos tradicionalmente ocupados, rexidos e/ou habitados polas mulleres
Duración: 1 h

Inscrición previa (30 prazas) ata o 15 de decembro en aferozferoz@gmail.com

## *As mulleres na historia da Igrexa: como nos representan e como somos.*

**17.30 h | Casa Xohana Torres | De balde**

Marisa Vidal Collazo fará un percorrido pola presenza e representación das mulleres nos escritos, na arte e na doutrina da Igrexa Católica e despois partillará café e conversa coas persoas asistentes.
Duración: 60 min

Entrada libre ata completar a capacidade

## Imos de Galerías

**18 h | De balde**
**Galería Metro – Galería Luísa Pita – Galería Nordés – Galería Trinta.**

Visita guiada ás galerías de arte da cidade. Máis información na páxina 20.
Duración: 2 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

## *Cantada de Nadal.* Grupo de Cantigas e Agarimos e Colexiata de Sar

**18 a 19.30 h | Percorrido:**

*Museo do Pobo Galego - praza de San Roque - San Martiño Pinario - praza de Fonseca - praza do Toural - praza de Galicia – Alameda*

*Porta do Camiño - praza de Cervantes - praza de Santo Agostiño- praza da Universidade - praza das Praterías - travesa do Franco - Alameda*

Os grupos e música tradicional de Compostela fan un percorrido por diversas rúas da Cidade Histórica recordando os "cantos de nadal".
Ver máis información na páxina 15.
Duración: 1 h



## Concerto de Nadal da Orquestra da USC

**19 h | Igrexa da Universidade | De balde**

Tradicional concerto da Orquestra Sinfónica da Universidade de Santiago para desexar unhas boas festas á comunidade universitaria e á cidadanía compostelá en xeral.
Duración: 90 min

Entrada libre ata completar a capacidade

## *Baldosas.* Teatro Estable de Leganés

**19 h | CSC de Santa Marta | De balde**

Comedia estrambótica que caricaturiza o mercado inmobiliario.
Duración: 50 min

Entrada libre ata completar a capacidade

## *VIII Nadal solidario.* Corais de Compostela

**19.30 h | Capela Xeral das Ánimas | De balde. Donativo voluntario**

Actuación das corais de Coto da Nai, Xúbilo, A Xuntanza e Amigos de Compostela, a prol da cociña económica e Albergue de San Francisco.
Duración: 1 h

Entrada libre ata completar a capacidade

## Concerto de Nadal Grupo Brincadeira e OCT Ultreia

**20 a 22 h | Carreira do Conde | De balde**

Os grupos de música tradicional de Compostela fan un concerto na carpa instalada no mercado de Carreira do Conde. Ver páxina 15.

## Gala Pallasos en Rebeldía

**20.30 h | Teatro Principal | De balde**

Pallasos en Rebeldía está constituída como unha rede internacional de grupos artísticos que promoven a solidariedade e a risa como motores do cambio social; combaten culturalmente á beira das colectividades que fan fronte a este sistema global de terror desde a maxia do circo e apostan por unha humanidade máis bela e máis xusta desde o universo do clown.
Duración: 75 min

Retirada previa de convite dende o 17 de decembro no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 – 21 h e ata 1h 30 min. antes do espectáculo.

## Concerto de Nadal

**21 h | Igrexa de San Francisco**
Concerto da Banda Municipal de Música e da Escolanía e Coro Cardeal Quiroga da Catedral de Santiago

Entrada libre ata completar a capacidade

## DOMINGO,22 DE DECEMBRO

### Campionato galego de karate sénior, máster e para-karate

**De 09.30 a 14.30 h | Pavillón municipal de Santa Isabel | De balde**

Campionato oficial de karate que vai congregar os mellores deportistas galegos nesta disciplina

Duración: 5 h

Entrada libre ata completar a capacidade

### MERCADO DA ESTRELA

**Praza do 8 de Marzo e arredores, Centro Obra Social Abanca e praza de Cervantes**
**De balde para visitantes**

Mercado de Nadal dedicado ao talento creativo de artistas, artesáns, produtores e emprendedores de Galicia. Máis información na pax. 17.

### A arquitectura e historia do CGAC

**12 h | CGAC | De balde**

Visita guiada. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

### *A cidade das mulleres.* Faia Díaz

**12 h | Saída do Museo do Pobo Galego | De balde**

Percorrido pola Compostela máis descoñecida para desvelar os espazos tradicionalmente ocupados, rexidos e/ou habitados polas mulleres.

Duración: 1 h

Inscrición previa (30 prazas) ata o 15 de decembro en aferozferoz@gmail.com



### Coro da Ra, Coro Son Elas, Coro Estudio e Coros Infantís da Escola Municipal de Música

**19 h | Teatro Principal | De balde**

Máis información na páxina 19.

Retirada previa de convite no despacho de billetes do Teatro Principal o mesmo día do concerto dende as 17.30 h



## LUNS, 23 DE DECEMBRO



### *BiMaxias*
### Fani Triana e Martín Camiña

**18 h | Teatro Principal | De balde**

Espectáculo con dous ilusionistas en realidades paralelas. Máis información na páxina 12.

Duración: 75 min

Retirada previa de convite no despacho de billetes do Teatro Principal o mesmo día da función dende as 16. 30 h

### Concerto de Nadal da Asociación Lírica Encantados

**19.30 h | Paraninfo da USC | De balde**

Concerto no que os membros desta asociación da Coruña presentan unha variedade de pezas vocais (arias, dúos, tríos...) con acompañamento de piano.

Duración: 90 min

Entrada libre ata completar a capacidade

## XOVES, 26 DE DECEMBRO

### IX Campus de Fútbol Vero Boquete

De 4 a 18 anos

**De 10 a 14 h | Pavillón e campo de fútbol de Santa Isabel | Prezo: Entre 95 e 250 €, segundo modalidade**

Adestramentos e xogos polideportivos de fútbol e fútbol sala. Contará coa presenza dunha deportista referente de alto nivel

Inscrición previa: campus@veroboquete.com. Máximo 100 prazas.

### *Agasallos máxicos.* Aletea talleres creativos

De 5 a 12 anos

**De 10 a 14 h | Pazo de Bendaña | De balde**

Obradoiros diferentes de agasallos de nadal

Duración: 4 h

Reserva de praza en aleteatalerescreativos@gmail.com a partir do 20 de decembro

### *Lázaro de Tormes.* Pedras de Cartón

A partir de 5 anos

**18 h | Teatro Principal | De balde**

Historia do lázaro de Tormes contada con máscaras e sen palabras.

Duración: 50 min

Retirada previa de convite no despacho de billetes do Teatro Principal o mesmo día da función dende as 16.30 h



### Corais de Compostela no Nadal

**20 h | De balde**
**Mercado da Carreira do Conde**

Actuación das corais Hermano Gómez, Ponte Mantible, Santa Susana e Coto da Nai, que ofrecerán un repertorio variado onde non faltarán as tradicionais panxoliñas. Máis información na páxina 12.

Duración: 1h 30 min

Acceso libre

## VENRES, 27 DE DECEMBRO

### IX Campus de Fútbol Vero Boquete
De 4 a 18 anos

**De 10 a 14 h | Pavillón e campo de fútbol de Santa Isabel**
**Prezo: Entre 95 e 250 €, segundo modalidade**

Adestramentos e xogos polideportivos de fútbol e fútbol sala. Contará coa presenza dunha deportista referente de alto nivel

Inscrición previa: campus@veroboquete.com. Máximo 100 prazas.

### *Agasallos máxicos.* Aletea talleres creativos
De 5 a 12 anos

**De 10 a 14 h | Pazo de Bendaña | De Balde**

Obradoiros diferentes de agasallos de nadal

Duración: 4 h

Reserva de praza en aleteatallerescreativos@gmail.com a partir do 20 de decembro

### Pasearte

**18 h | De balde**
**Saída de Galería Metro. Rúa de Xeneral Pardiñas, 12-16, Local 14**

Paseo para gozar dun percorrido guiado á procura das obras de arte expostas nos escaparates. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

### *O Capitán Garfo.* Saúl Cacharrón
A partir de 4 anos

**19 h | CSC de Conxo | De balde**

Augusto Loureiro ten un soño: ser cociñeiro. Conseguirá o Capitán Garfo ensinarlle como se alimentan os auténticos súper heroes?

Duración: 50 min

Entrada libre ata completar a capacidade da sala



### *Cantar ELAS.* Leilía

**20.30 h | Teatro Principal | De balde**

Ás portas de facer 30 anos xuntas, Leilía afronta este aniversario coa presentación dun novo espectáculo que revisa a súa discografía, a súa traxectoria musical fiando as súas orixes coas aprendizaxes adquiridas ao longo destes anos. Máis información na páxina 17.

Duración: 75 min

Retirada previa de convite dende o día 17 de decembro de 2019 no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 – 21 h e ata 1h 30 min antes do espectáculo.

### *A4 Concerto de Nadal. Piano a catro mans.* Peregrinos Musicais

**20.30 h | Capela do Hostal dos Reis Católicos**
**Prezo: 10 € (8 € persoas menores, xubiladas e desempregadas)**

Concerto ofrecido polas pianistas Evelina Vorontsova e Ilona Timchenko. Interpretarán obras de Cesar Franck, Johannes Brahms, Serguei Rachmaninoff e Peter Ilyich Tchaikovsky.

Duración: 70 min

Reserva previa en www.peregrinosmusicales.com e www.eventbrite.com

## SÁBADO, 28 DE DECEMBRO




### *Cantada de Nadal.* Grupos OCT Ultreia e Brincadeira

**De 18 a 19.30 h | Percorrido:**

*Museo do Pobo Galego - praza de San Roque - San Martiño Pinario - praza de Fonseca - praza do Toural - praza de Galicia – Alameda*

*Porta do Camiño - praza de Cervantes - praza de Santo Agostiño- praza da Universidade - praza das Praterías - travesa do Franco - Alameda*

Os grupos e música tradicional de Compostela fan un percorrido por diversas rúas da Cidade Histórica recordando os "cantos de nadal". Máis información na páxina 15.

Duración: 1 h

### IX Campus de Fútbol Vero Boquete
De 4 a 18 anos

**De 10 a 18 h | Pavillón e campo de fútbol de Santa Isabel**
**Prezo: Entre 95 e 250 €, segundo modalidade**

Adestramentos e xogos polideportivos de fútbol e fútbol sala. Contará coa presenza dunha deportista referente de alto nivel

Inscrición previa: campus@veroboquete.com. Máximo 100 prazas.

### *Concerto de Nadal.* Grupos Cantigas e Agarimos e Colexiata de Sar

**De 20 a 22 h | Carreira do Conde**

Os grupos de música tradicional de Compostela fan un concerto na carpa instalada no Mercado de Carreira do Conde. Máis información na páxina 15.

### *Cantar ELAS.* Leilía

**20.30 h | Teatro Principal | De balde**

Ás portas de facer 30 anos xuntas, Leilía afronta este aniversario coa presentación dun novo espectáculo que revisa a súa discografía, a súa traxectoria musical fiando as súas orixes coas aprendizaxes adquiridas ao longo destes anos. Máis información na páxina 17.

Duración: 75 min

Retirada previa de convite dende o día 17 de decembro de 2019 no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 – 21 h e ata 1h 30 min antes do espectáculo.




## FESTA DO APEGO 2019

**19.30 h | Auditorio de Galicia | De balde**

Unha feira de contos, música, xogos, información e propostas para a crianza en que as nenas e nenos poderán gozar e socializar en galego durante todo o día. Especialmente dirixida ao público obxectivo do programa Apego (de 0 a 6 anos). Máis información na páxina 18.

Entrada libre e de balde ata completar a capacidade en cada espazo.

*delingua.santiagodecompostela.gal*

### *Feiriña*

**De 12 a 14 h e de 16.30 a 19.30 h | Vestíbulo do Auditorio**

Presentación de recursos e servizos para a crianza en galego de empresas (Libraría Couceiro, Gaia Ecocrianza, Xogos Brazolinda e Escola Semente) e departamentos municipais.



### *Espazo Alialí.* Fabaloba

**De 12 a 14 h e de 16.30 a 19 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Libros, música, xogos, xoguetes, aplicacións, materiais... cos que facilitar a crianza e a educación en galego.



### *As parábolas de Pakolas*
### Paco Cerdeira

**12.30 h | Sala Mozart**

Pakolas interpreta en directo unha escolla dos seus temas combinados coa narración dalgunhas historias e contos vinculados coas letras, que inclúen unha mensaxe final, formando unha parábola musical coa que aprender e na que pensar.



### *O veleiro verde*
### María Fumaça

**19.30 h | Sala Ángel Brage**

Proxecto musical que amosa como a diferenza, vivida con normalidade, amplía os horizontes e fai o noso mundo máis grande.



### *Nube, nube, sol.*
### Teatro ao Cubo

Ata 3 anos

**12 e 13 h | Sala Ángel Brage**

Diversión e aprendizaxe con todo o que o sol e a choiva provocan na nosa contorna. A maxia dos ciclos da natureza e a importancia da chuvia para que todo medre.



### *Patapatum.*
### Elefante Elegante

A partir de 3 anos

**17 h | Sala Mozart**

Unha reflexión sobre o tempo, a infancia, e como enchemos os baleiros das nosas ausencias



### *Bichocas*
### Atenea García

A partir de 3 anos

**12 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Unha viaxe a través do mundo animal. As protagonistas das nosas historias aprenderán nesta viaxe a importancia de seren diversas e a posibilidade de compartir coas demais os seus afectos.



### *Barquiño de pau.*
### A Tropa de Trapo

A partir de 3 anos

**13 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Teatro de obxectos e música cos que explorar os sentidos.

### *Utopías.* Atenea García

**17 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Mundos invisibles que nos rodean e mostran outros xeitos de vivir: ratos na procura de novos camiños, rapazas que soben e baixan escaleiras e parrulos, moitos parrulos...



A partir de 3 anos

### *O castiñeiro do Apalpador.*
### Fantoches Baj

**18 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

O Apalpador cóntalles aos miúdos por que no Nadal reparte castañas aos nenos e nenas que non teñen nada nas súas barriguiñas.



Ata 1 ano

### *Ninananas.*
### Mercedes Prieto

**16.30 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Oír e cantar, facendo os movementos que nos relacionan co noso bebé e cos outros bebés do mundo. Nais, pais e crianzas non andantes.

### *Zampadanzas do mundo.*
### Mercedes Prieto

A partir de 2 anos

**12 e 18 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Un pequeno percorrido polas doces melodías que tranquilizan as crianzas de diferentes culturas.



A partir de 3 anos

### *Obradoiro mocergo*
### *Obradoiro boliche.* Xandobela

**12 a 14 h e 16.30 a 19 h**
**Sala Isaac Díaz Pardo**

Dous espazos simultáneos nos que traballar coas mans e aprender a construír.

### *Bebeteca*
### Gaia Ecocrianza

Ata 1 ano

**12 e 14 h e de 16.30 a 19 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Espazo para atender, aleitar, para o aseo e o descanso de bebés e mamás.



### *Terra miúda.*
### Miudiño

**12 a 14 h e 16.30 a 19 h**
**Sala Isaac Díaz Pardo**

Actividade para deixar voar a imaxinación e experimentar sen límites.

### *Espazo de proxeccións*

De 0 a 6 anos

**12 e 14 h e de 16.30 a 19 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Proxeccións continuadas para as idades preescolares: As aventuras de Po (Proxecto Apego), Caracois e Cocorico (OQO Editora), Tutu (Ficción Producións) e As aventuras de Minchi (CTV Produtora).

### *Espazo lector*

**12 e 14 h e de 16.30 a 19 h | Sala Isaac Díaz Pardo**

Selección de libros infantís para mirar e ler.

## DOMINGO, 29 DE DECEMBRO



A partir de 5 anos

*Aguratrat.*
Manu Fernández, Victoria Pérez, Xosé Leis

**18 h | Teatro Principal | De balde**

Adaptación teatral do libro *Esio Trot* de Roald Dahl. Resalta o amor entre as persoas maiores e o amor aos animais. Máis información na páxina 15.
Duración: 50 min

Retirada previa de convite no despacho de billetes Teatro Principal o mesmo día da función dende as 16.30 h

### Corais de Compostela no Nadal

**20 h | Mercado da Carreira do Conde | De balde**

Actuación das corais La Salle, A Xuntanza, Xúbilo e Amigos de Compostela, que ofrecerán un repertorio variado onde non faltarán as tradicionais panxoliñas. Máis información na páxina 12.

Duración: 1h 30 min

Acceso libre

## LUNS, 30 DE DECEMBRO

### Ofrenda nacional ao Apóstolo Santiago

**11 h | Praza do Obradoiro/Igrexa de San Martiño Pinario**

Festividade de translación dos restos do apóstolo Santiago e ofrenda do delegado rexio

Acceso libre



*O Mago de Oz*
Avento Producións

**17 h | Teatro Principal | De balde**

Comedia musical e adaptación teatral do clásico *O mago de Oz.* Máis información na páxina 14.

Retirada previa de convite no despacho de billetes do Teatro Principal o día 28 de 18 a 21 h, o día 29 de 16.30 a 18 h e o día 30 de 15.30 a 19 h

### *O Mago de Oz.* Avento Producións

**19 h | Teatro Principal | De balde**

Comedia musical e adaptación teatral do clásico *O mago de Oz.*
Máis información na páxina 14.

Retirada previa de convite no despacho de billetes do Teatro Principal o día 28 de 18 a 21 h, o día 29 de 16.30 a 18 h e o día 30 de 15.30 a 19 h

## MARTES, 31 DE DECEMBRO



### Carreira de San Silvestre

**18 h | Percorrido urbano con saída e chegada á praza do Obradoiro**

Carreira popular.

Inscrición previa en www. sansilvestresantiago.com

### Concerto Fin de Ano

**23.30 h | Praza do Obradoiro**

Actuación de David Van Bylen DJ e concerto de Colectivo Panamera.
Máis información na páxina 19.

Duración: 2 h

Entrada libre ata completar a capacidade

## XOVES, 02 DE XANEIRO



### Pasearte

**18 h | Saída de Galería Metro. Rúa de Xeneral Pardiñas, 12-16, Local 14 | De balde**

Paseo para gozar dun percorrido guiado á procura das obras de arte expostas nos escaparates. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

### VII Concerto Solidario de Nadal de Mans Unidas

**20 h | Igrexa da Universidade | Prezo: De balde. Concerto solidario con doazón voluntaria a prol do labor da ONG Mans Unidas.**

Concerto coral de panxoliñas do mundo a cargo da Coral Polifónica de La Salle, do Grupo de Canto Aleceia e de Troyanos de Compostela.

Duración: 90 min

Entrada libre ata completar a capacidade

## VENRES, 03 DE XANEIRO

### *Translation trio.* Marcos Teira

**19.30 h | CSC de Vite | De balde**

Jam de barrio flamenco. Repertorio de músicas adaptadas á linguaxe da guitarra flamenca. Máis información na páxina 13.

Duración: 1 h 45 min

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

## SÁBADO, 04 DE XANEIRO

### Pasearte

**18 h | De balde**
**Saída de Galería Metro. Rúa de Xeneral Pardiñas, 12-16, Local 14**

Paseo para gozar dun percorrido guiado á procura das obras de arte expostas nos escaparates. Máis información na páxina 20.

Duración: 1 h

Inscrición previa en pasearte@santiagocentro.gal ou 649 610 287

### Concerto de Reis

**20.30 h | Teatro Principal | De balde**

Concerto da Banda Municipal de Música e da Escolanía e Coro Cardeal Quiroga da Catedral de Santiago.

Entrada libre ata completar a capacidade

## DOMINGO, 05 DE XANEIRO



### Cabalgata de Reis

**17.30 h | Estación do ferrocarril | De balde**

Saída da estación do ferrocarril e desfile polas rúas de Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvado, praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, praza de Galicia, rúa da Senra, porta Faxeira, rúa do Vilar, praza das Praterías, travesa de Fonseca e praza do Obradoiro.

Recepción dos Reis Magos: dende as 20 h no Pazo de Raxoi

### Concerto de Reis da Real Filharmonia de Galicia

**21.30 h | Auditorio de Galicia | Prezo: 15 €**

A RFG, baixo a batuta do mestre Geoffrey Styles, interpretará An outdoor overture de A. Copland, A variña da xuventude, Suite núm.1,op 1a e Suite núm.2, op1b de E. Elgar, Billy the Kid: Waltz (Billy and his Sweetheart) e Hoe-Down, de Rodeo de A. Copland

Duración: 90 min

Entradas á venda no despacho de billetes do Teatro Principal de martes a sábado de 18 a 21 h e no despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do concerto dende as 20 h

## *En inverno non vai tempo para ir á praia pero ti insistiches en ir e facer un pícnic*
## Aula de Teatro da USC. Compañía de Teatro

**21 h | Teatro Principal | De balde**

**MÉRCORES, 11 DE DECEMBRO**
**Duración: 47 minutos**

**REPARTO (por orde de intervención)**
Irene Penela Viqueira
Marta Casais Vidal
Inma Fernández Rodríguez
Antía González Cortegoso

**Deseño de programa e cartelería**
Gerardo Fuentes

**Textos e posta en escena**
Roberto Salgueiro

**Agradecementos:** Roi Méndez, Pablo Ferradás e alumnos de Dirección 1 da escola de teatro da USC (Aula de Teatro)

"En inverno non vai tempo para ir á praia. O mar come a bocados a area e deixa á vista unha pedreira pola que é imposible andar. O ceo anubrado esboróase sobre as ondas que che cospen á cara. O vento arremuíñache o cabelo e sentes como o salitre se che pega aos labios... ás pálpebras.... ás meixelas... En inverno, os chiringuitos da praia están pechados. Danlle un aspecto desolador á paisaxe. Semellan os restos dun cadáver: os despoxos da felicidade despois do verán."




## *Elisa e Marcela*. A Panadaría

**19 h | CSC de Santa Marta | De balde**

**SÁBADO, 14 DE DECEMBRO**
**Duración: 50 minutos**



**EQUIPO**
Creación e interpretación: *Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman*
Dirección: *Gena Baamonde*
Texto: *A Panadaría e Gena Baamonde*
Música orixinal: *Ailén Kendelman*
Iluminación: *Laura Iturralde e Montse Piñeiro*
Vestiario: *Fanibell*
Deseño soporte: *Beatriz de Vega*
Construción soporte e tea: *CDG*
Imaxen gráfica: *Noelia Castro*
Fotografía: *Pilar Abades*
Vídeo: *Alex Penabade*
Asesoría en canto: *Marión Sarmiento*
Produción: *Ailén Kendelman*
Axudantía produción: *Liza G. Suárez*

Elisa e Marcela. Ano 1901, A Coruña. Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home. Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas. As cómicas de A Panadaría presentan unha reconstrución irreverente dun suceso real. Unha comedia musical onde o verídico parece invento. Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

Con esta montaxe reciben 4 premios María Casares (entre os que se atopa mellor espectáculo); o premio Luísa Villalta para Iniciativas Culturais pola Igualdade, o XIV Premio LGBT Marcela e Elisa do Colectivo ALAS, o premio do público na MIT de Ribadavia 2018, o premio do público no FETEGA do Carballiño 2018 e o premio á mellor actriz *ex-aequo* (Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman) no FETEGA do Carballiño 2018.

## Corais de Compostela no Nadal

**Mercado da Carreira do Conde | De balde**

**XOVES, 26 DE DECEMBRO**
**DOMINGO, 29 DE DECEMBRO**

**Duración: 1 h 30 min**

En 2014 créase a Comisión de Corais de Compostela CCC que tramita, xestiona e organiza os eventos dos distintos concertos. Esta comisión está formada polas seguintes corais: Amigos de Compostela, Asubío, Coto da Nai, La Salle, Hermano Gómez, Ponte Mantible, Santa Susana, Xúbilo e Xuntanza.

Dende no ano 2016 o seu director, don Anxo Andrés Abel Souto, denomina as Corais CCC como "Cantorum Compostellana Coniunctio"



## BiMaxias: Dous ilusionistas en realidades paralelas

**Teatro Principal | De balde**

**LUNS, 23 DE DECEMBRO**

**Duración: 75 min**

Unha creación máxica, surrealista e con ilusións a "xeito individual e a dúo".
Xornais que cobran vida, cordas sorprendentes, froitas "sen frutosa", recreacións doutra época e moito máis, xeran a trama dun acto cheo de gags, diálogos apegados ó sorriso e prestidixitacións sorprendentes.
2 ilusionistas ao vivo nun espectáculo de maxia, humor e participación do público composto para ollar outras realidades coas orellas moi abertas.




**Ilusionistas:** Fani Triana e Martín Camiña
**Autoría / Dirección:** Fani Triana e Martín Camiña
**Escenografía:** Ángel Modia
**Deseño Iluminación:** Ángel Modia
**Vestiario:** Producións Herméticas
**Cobertura Técnica:** Escóitame Producións

## *Baile de Autor.* Manuel Liñán

**20.30 h | Teatro Principal | Prezo: 10 €**

**SÁBADO, 14 DE DECEMBRO**
**Duración: 75 minutos**



**Baile, dirección e coreografía:** Manuel Liñán
**Música:** David Carpio e Manuel Valencia
**Cante:** David Carpio
**Guitarra:** Manuel Valencia

Baile de autor é a unión entre coreógrafo e intérprete de Manuel Liñán (Premio Nacional de Danza 2017). Despois de coreografar para outras compañías como o Ballet Nacional de España, Nuevo Ballet Español, Rafaela Carrasco, Belén Maya... e consolidarse como bailaor solista: Manuel Liñán propón ver estas dúas facetas que o caracterizan na súa carreira, unidas e representadas a un tempo.

Manuel preséntanos o espazo onde o director, o autor, vai creando as distintas escenas desta peza, dando vida a cada elemento: a luz, o son, o cante, a guitarra, a música, o baile... Unha fantasía que xera lazos de unión no artista, como coreógrafo e bailaor. Un director que soña un bailaor que baila.

## Espiño & Porteiro

**20 h | Centro Xove da Almáciga | De balde**

**VENRES, 20 DE DECEMBRO**
**Duración: 2 h**

**ESPIÑO**

Espiño é o proxecto musical en solitario de Alfonso Espiño (Contrastes, Mega Purple Sex Toy Kit, Los Chavales), compostelán de 1976 ligado ao mundo da música dende hai máis de vintecinco anos. Alfonso afronta esta nova etapa abondando no eido do pop de corte psiquedélico, aderezado con certas pingas de rock progresivo e un chisco de folk-rock. O músico santiagués amosará a súa faceta máis imaxinativa, apostando pola produción propia e o idioma galego.



A súa banda, creada en outubro de 2016, está formada actualmente por Alfonso Espiño ó baixo e voz principal, Brais Sánchez ás guitarras e coros, Alexandro González ós teclados e coros e LAR Legido á batería. A pesar do pouco tempo transcorrido dende o inicio do grupo, Espiño alzouse co primeiro premio do II Certame Galicia Creativa, convocado pola Fundación Autor a finais de 2016, na categoría pop/rock. O dito premio permitiu á formación gravar un primeiro disco, /.

**TOMÁS PORTEIRO**

Tras anos desenvolvendo a súa faceta como compositor no grupo Sinestesia, Tomás Porteiro decide comezar unha nova andaina, esta vez en solitario, defendendo a súas cancións en formatos máis acústicos e reducidos. Para esta aventura contará coa axuda dalgúns músicos. Un de eles é Jose Zas, que co seu clarinete coloreará as novas composicións deste proxecto con sonoridades jazzísticas sen renunciar a sinxeleza e inmediatez do pop, ou folk-rock, con especial coidado do texto como xa viña sendo habitual en Sinestesia. Nos tempos da superprodución e do autotune, esta proposta aposta pola comunicación da canción na súa esencia, sen artificios.

## Marcos Teira

**19.30 h | CSC de Vite | De balde**

**MARTES, 03 DE XANEIRO**
**Duración: 1 h 45 minutos**

**MARCOS TEIRA. TRANSLATIONS TRIO**



Marcos Teira é un guitarrista de dilatada traxectoria tamén dentro do panorama da guitarra flamenca, e presenta aquí o repertorio do seu próximo disco que en breve estará dispoñible para todos.

TRANSLATIONS TRIO utiliza un repertorio de músicas adaptadas á linguaxe da guitarra flamenca, desde músicas de John Lennon ata Charles Mingus por bulerías ou fandangos, utilizando os ritmos flamencos e a liberdade do jazz para adaptar e reubicar clásicos nunha paisaxe nova e suxerente.

Non é flamenco, tampouco é jazz; son as dúas cousas e non é ningunha delas...

**Contrabaixo:** Alfonso Calvo
**Caixón:** Moisés Fernández
**Guitarra Flamenca:** Marcos Teira

## Belén tradicional en San Fiz de Solovio

**Do 5 de decembro de 2019 ata o 5 de xaneiro de 2020**

Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado feitas a man

**HORARIO:**

**De luns a venres ata o 21 de decembro,**
de 11 a 14 h e 17 a 19 h

**Sábados, domingos, pontes, festivos e vacacións de Nadal,**
de 11 a 14 h e de 16 a 21 h

**24 e 31 de decembro,** de 11 a 14 h e 16 a 19 h

**25 de decembro e 1 de xaneiro,** de 17 a 21 h



## Programa Hildegarda




Durante os derradeiros oito meses a compañía de teatro compostelá A Feroz vén traballando no seu segundo espectáculo, *Santa Inés*.

Esta peza –que xira arredor da espiritualidade desde unha perspectiva feminista e as súas posibilidades nunha sociedade cristiá, patriarcal e capitalista–fixo agromar moitas outras cuestións enlazadas con estas que animaron á compañía a promover un espazo de reflexión nun contexto moito máis amplo có da manifestación escénica.

O que deron en chamar Programa Hildegarda, é unha proposta de actividades e espazos para aprender, compartir e reflexionar sobre a posibilidade dunha práctica espiritual contemporánea e feminista, que ten como obxectivos, entre outros, a reflexión sobre os modos da vida espiritual na actualidade e sobre o papel das mulleres neles, estudar a representación da muller no cristianismo desde unha perspectiva de xénero, achegar unha panorámica o más ampla posible do feminismo na cristiandade, propiciar un espazo de encontro e intercambio entre cidadás, investigadoras, artistas e estudosas das artes, de maneira que poidan xurdir proxectos colaborativos e/ou novos proxectos artísticos conectados cos temas tratados e dar a coñecer e poñer en valor espazos singulares da cidade en relación coas actividades das mulleres que se manteñen fóra dos circuítos turísticos.

Hildegarda é un programa de actividades que nacen da vontade de propiciar un contexto que dea conta da complexidade do fenómeno feminista dentro da cultura cristiá e da convivencia entre laicas e crentes. Todas as accións propostas neste programa teñen como finalidade expandir o coñecemento sobre esta realidade e tender pontes entre axentes culturais, cidadanía e a propia cidade. As actividades que se describen a continuación terán lugar en días consecutivos:

**PROGRAMA HILDEGARDA: As mulleres na tradición cristiá. Xornadas para un diálogo feminista**

### VENRES. 20 DE DECEMBRO

A partir de 16 anos

**20.30 h | Igrexa da Universidade | Entrada de balde**

Estrea do espectáculo *Santa Inés* da compañía A Feroz

Capacidade limitada a 100 persoas

Recollida de convites no despacho de billetes do Teatro Principal, de martes a sábado de 18 a 21 h. Poderanse retirar ata dous convites por persoa.

### SÁBADO, 21 DE DECEMBRO

**12 h | Saída do Museo do Pobo Galego | Entrada de balde**

Roteiro "A cidade das mulleres". Guiadas por Faia Díaz percorreremos a Compostela máis descoñecida para desvelar os espazos tradicionalmente ocupados, rexidos e/ou habitados polas mulleres.

30 participantes.

Información e inscrición de balde ata o 15 de decembro en *aferozferoz@gmail.com*

**17.30 h | Casa das Mulleres Xohana Torres**
**Entrada de balde**

Charla "As mulleres na historia da Igrexa: como nos representan e como somos".

Marisa Vidal Collazo fará un percorrido pola representación das mulleres nos escritos, na arte e na doutrina da Igrexa Católica. A charla continuará cun café-coloquio.

Entrada libre ata completar aforo

### DOMINGO, 22 DE DECEMBRO

**12 h | Saída do Museo do Pobo Galego | Entrada de balde**

Roteiro "A cidade das mulleres". Guiadas por Faia Díaz percorreremos a Compostela máis descoñecida para desvelar os espazos tradicionalmente ocupados, rexidos e/ou habitados polas mulleres.

30 participantes.

Información e inscrición de balde ata o 15 de decembro en *aferozferoz@gmail.com*

## Iluminación de Nadal nas esculturas da Alameda

**Do 5 de decembro de 2019 ata o 5 de xaneiro de 2020**

**Parque da Alameda**

Ilumínanse as esculturas de Valle-Inclán, As Marías, A Leiteira e Rosalía de Castro



## O Mago de Oz

**Dúas funcións: 17 h e 19 h | Teatro Principal | De balde**

### LUNS, 30 DE DECEMBRO

**Duración: 75 minutos**

Comedia musical e adaptación teatral do clásico *O mago de Oz* para toda a familia. Dorothy é arrastrada por un tornado á fantástica terra de Oz onde viven todo tipo de seres máxicos. Terá que atopar o Mago para voltar á súa casa.

**ELENCO**
Rocío Salgado
Martín Maez
Merchy Lago
Fernanda Barrio
Marcos Alonso
Jonathan Caramés

**Dirección**
Xoán Abreu

**Texto e adaptación**
Teatro Avento

**Música orixinal**
Jonhathan Caramés, Xoán Abreu

**Deseño e escenografía**
Avento producións

**Vestiario**
Avento producións

**Deseño de luz e son**
Xoán Abreu



# RAÍCES NA PEDRA




Os grupos de Compostela Cantigas e Agarimos, OCT Ultreia, AC Colexiata de Sar, e Brincadeira farán un percorrido por diversas rúas da Cidade Histórica recordando o que noutrora facían os nosos maiores, os cantos de Nadal.

Esta actividade está deseñada para que tanto os veciños e os visitantes da nosa cidade coñezan esta actividade, case esquecida, da nosa cultura.

Ao remate destas cantadas pola Zona Vella da cidade, os grupos rematarán nun concerto de Nadal na carpa instalada no Mercado de Carreira do Conde.

## SÁBADO. 21 DE DECEMBRO

**Cantada de Nadal. Grupo de Cantigas e Agarimos e Colexiata de Sar**

**18 a 19.30 h | Entrada de balde**

**Percorrido:**

*1) Museo do Pobo Galego - praza de San Roque - San Martiño Pinario - praza de Fonseca - praza do Toural - praza de Galicia – Alameda*

*2) Porta do Camiño - praza de Cervantes - praza de Santo Agostiño - praza da Universidade - praza das Praterías - travesa do Franco - Alameda*

Os grupos e música tradicional de Compostela fan un percorrido por diversas rúasda Cidade Histórica recordando os “cantos de nadal”

**Concerto de Nadal: Grupo Brincadeira e OCT Ultreia**

**20 a 22 h | Carreira do Conde | Entrada de balde**

Os grupos de música tradicional de Compostela fan un concerto na carpa instalada no Mercado de Carreira do Conde.

## SÁBADO. 28 DE DECEMBRO

**Cantada de Nadal. Grupos OCT Ultreia e Brincadeira**

**18 a 19.30 h | Entrada de balde**

**Percorrido:**

*1) Museo do Pobo Galego - praza de San Roque - San Martiño Pinario - praza de Fonseca - praza do Toural - praza de Galicia – Alameda*

*2) Porta do Camiño - praza de Cervantes - praza de Santo Agostiño - praza da Universidade - praza das Praterías - travesa do Franco - Alameda*

Os grupos e música tradicional de Compostela fan un percorrido por diversas rúas da Cidade Histórica recordando os “cantos de nadal”

**Concerto de Nadal: Grupo Brincadeira e OCT Ultreia**

**20 a 22 h | Carreira do Conde | Entrada de balde**

Os grupos de música tradicional de Compostela fan un concerto na carpa instalada no Mercado de Carreira do Conde.

## Aguaratrat

**18 h | Teatro Principal | De balde**




**DOMINGO, 29 DE DECEMBRO**

**Duración: 50 min**

AGURATRAT é a adaptación teatral da Cía. Pérez&Fernández do libro *Esio Trot* de Roald Dahl, un dos autores máis lidos da literatura infantil universal (*Charlie e a fábrica de chocolate, James e o pexego xigante, Matilda, As Bruxas, Mr. Fox* etc.) Nesta historia sobresaen dous importantes aspectos: o amor entre persoas maiores e o amor aos animais. Ambos temas tratados con delicadeza e humor. Unha obra de teatro para público familiar que guste dos xogos de palabras, das tartarugas, dos seus maiores e das ideas orixinais e divertidas.

O señor Hoppy, un home algo maior, moi tímido e amante das plantas está profundamente namorado en segredo da súa veciña, a señora Silver, unha muller que vive acompañada da súa tartaruga Alfie. A Señora Silver está preocupada porque Alfie non aumenta de peso e crece moi amodiño. O señor Hoppy verá niso a posibilidade de gañar o seu corazón.

**Intérpretes:** Manu Fernández, Victoria Pérez, Xosé Leis
**Dirección:** Xosé Leis, Victoria Pérez
**Espazo Escénico:** José Faro
**Ambientación Musical:** Iria Pinheiro, Xabier Romero, Marcos Vázquez
**Tartarugas:** Tigre de Papel
**Vestiario:** María Fernández

## MERCADO DA CARREIRA DO CONDE

**Carreira do Conde | De balde**



O Mercado de Nadal celebrarase en Santiago de Compostela entre o día 5 de decembro e o 5 de xaneiro, para ofrecer a composteláns e visitantes as creacións de medio cento de expositores de decoración propia da época, alimentación *gourmet*, artesanía e agasallos. Cun amplo programa de actividades para público familiar, concertos, *food trucks* e unha decoración coidada, o mercado converterá a Carreira do Conde no lugar ideal para pasar unha xornada en familia á espera dunhas datas moi especiais.

Os expositores irán rotando en quendas, aproximadamente cada seis días, e estarán abertos de 12 a 14 horas e de 17 a 21.30 horas. O mercado permanecerá pechado os días 24 e 25 de decembro e 1 de xaneiro; e só abrirá pola mañá o día 31 de decembro.

Unha das novidades desta edición é que as tres primeiras quendas (de xoves 5 a martes 10, mércores 11 a martes 17 e mércores 18 a luns 23) estarán dedicadas en exclusiva á decoración de Nadal e á alimentación selecta, para facilitarlle ao público a preparación da casa e dos menús para estas datas especiais. As quendas finais (do xoves 26 a luns 30 e martes 31 a domingo 5 de xaneiro) resérvanse para os produtos de artesanía e agasallo orixinal, coa data da Noite de Reis como horizonte.

Outra das novidades é o considerable aumento da oferta gastronómica e de ocio. Ademais das casetas de exposición, na Carreira do Conde instalaranse varios *food trucks* que permitirán que o paseo polo postos do mercado se poida acompañar dunha parada para comer ou tomar algo no medio dun ambiente coidado, no que a decoración e a iluminación transportarán ao público á maxia do Nadal.

O Mercado de Nadal leva aparellada unha completa programación practicamente diaria, dirixida á infancia, ás familias e ao público en xeral. Obradoiros de manualidades, xogos, contacontos e concertos en pequeno formato de grupos locais levaranse a cabo nun espazo especialmente disposto para o efecto.

https://mercadonadal.com/

**VENRES. 6 DE DECEMBRO**
**12 - 14 h**
*Obradoiro:* Coroando o Nadal, faremos unha coroa de nadal diferente
**18 - 20.30 h**
*Obradoiro:* Unha luz no Nadal, faremos un portacandeas artesanal

**SÁBADO. 7 DE DECEMBRO**
**12- 12.45 h**
*Contacontos:* O gran libro dos súper poderes
**12.45 - 14 h**
*Contacontos:* Elaboración de símbolo de súper heroe ou súper heroína
**18 - 20.30 h**
*Obradoiro:* Maxia nunha tarxeta
**16.30 - 20.30 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**DOMINGO. 8 DE DECEMBRO**
**12 - 14 h**
*Obradoiro:* Caixiñas de tesouros
**18.00 - 20.30 h**
*Obradoiro:* Crea a túa árbore de Nadal
**16.30 - 20.30 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**SÁBADO. 14 DE DECEMBRO**
**12 - 14 h**
*Xogo:* Atopa as cinco pistas do Nadal
**18.00 - 20.30 h**
*Obradoiro:* Pousa vasos de Nadal

**DOMINGO. 15 DE DECEMBRO**
**12 - 14h**
*Obradoiro:* Un cascabel soador
**18 - 20.30 h**
*Obradoiro:* Unha estrela tridimensional
**16.30 - 18 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**LUNS, 16 DE DECEMBRO**
**19.30 h**
Actuación do Coro do Centro Xove
**20.30 h**
Actuación do Coro do Centro Xove

**VENRES, 20 DE DECEMBRO**
**18 - 20.30 h**
*Xogos de Nadal.*
Atopa as estrelas e xoga ao bingo de Nadal

**SÁBADO. 21 DE DECEMBRO**
**12-14 h**
*Obradoiro natural:* Facendo tarxetas seladas
**18.00-19.30 h**
*Obradoiro:* Creativando! (facer tarxetas de papel de agasallo decorado polos nenos/as)
**20.00 -22.00 h**
Concerto: Grupo Brincadeira e UCT Ultreia

**DOMINGO. 22 DE DECEMBRO**
**12 - 14 h**
*Obradoiro Culinario:* Facendo galletas sen forno!
**18.00 - 20.30 h**
*Obradoiro:* Círculos máxicos
**16.30 - 20.30 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**LUNS. 23 DE DECEMBRO**
**12 - 13.30 h**
*Obradoiro en inglés con Kids&Us:* "Christmas Crafts" - Manualidades de Nadal (3 a 10 anos)

**O mercado pecha os días 24 e 25 de decembro**

**XOVES, 26 DE DECEMBRO**
**20 -21.30 h**
Corais de Nadal: Hermano Gómez, Ponte Mantible, Santa Susana e Coto da Nai

**VENRES. 27 DE DECEMBRO**
**18.00 -19.30 h**
*Obradoiro:* Uns broches moi animais!
**16.30 - 20.30 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**SÁBADO. 28 DE DECEMBRO**
**11.30 -14.00 h**
*Obradoiro artesán:* pulseiras especiais
**20.00 -22.00 h**
Concerto de Nadal:
Grupos Cantigas e Agarimos / Colexiata de Sar
**16.30 - 20.30 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**DOMINGO. 29 DE DECEMBRO**
**11.30 - 14.00 h**
*Obradoiro culinario:* aperitivos diversos para Fin de Ano
**18.00 - 20.30 h**
*Obradoiro:* un bolsillo moi diferente
**20.00 - 21.30 h**
Corais de Nadal: La Salle, A Xuntanza, Xúbilo e Amigos de Compostela
**16.30 - 20.30 h**
*Actividade de rúa* "NadalCiclo"

**LUNS. 30 DE DECEMBRO**
**12 -14 h**
*Obradoiro:* Complementos para fotocall
**18 -20.30 h**
*Obradoiro:* Bonecos de neve antitensión

**MARTES. 31 DE DECEMBRO**
**11.30 -14 h**
Pinta caras e tatuaxes de festa

**O mercado pecha o día 1 de xaneiro**

**XOVES. 02 DE XANEIRO**
**12 -14 h**
Christmas tree photo craft

**VENRES. 03 DE XANEIRO**
**12 -14 h**
*Obradoiro*: Suxeita móbiles de Nadal
**18 - 20.30 h**
*Obradoiro*: Uns broches moi animais!

**SÁBADO. 04 DE XANEIRO**
**12 - 14 h**
*Obradoiro:*
Carta de agradecemento para os Reis Magos.
**18 - 20.30 h**
*Obradoiro artesá*: Boneco de Nadal voador

## 8ª EDICIÓN DO MERCADO DA ESTRELA

20, 21 e 22 de decembro de 2019

**Praza de Cervantes - edificio Obra Social Abanca Cervantes - praza do 8 de Marzo - corredor de Bonaval (Santiago de Compostela)**

Festival de Nadal e punto de encontro na cidade para as compras, as apertas e os brindes previos a Noiteboa. Descubre no Mercado da Estrela o traballo das persoas creadoras de Galicia e converte o seu talento en orixinais e innovadores agasallos mentres gozas dunha ampla programación de balde con concertos, pica discos, obradoiros creativos, accións sobre sostibilidade e actividades en diferentes espazos da cidade! Artesanía de Galicia, moda, edición, ilustración, decoración, últimas tendencias, talleres, xogos, postos de comida, deliciosos petiscos e moita música nun mercado contemporáneo con infinidade de sorpresas por descubrir.

Libre e gratuíto ata completar capacidades. De balde para visitantes.

https://www.mercadodaestrela.es/




20 DE DECEMBRO

**A partir das 13 h**
Zona de postos de comida e actividades musicais, creativas, solidarias e sobre sostibilidade na contorna da praza do 8 de Marzo e praza de Cervantes. Postos de restauración e concertos na Cantina Gourmet (carpa situada no corredor de Bonaval entre o CGAC e o Museo do Pobo Galego)

**De 14 a 21 h**
Feira Creativa de Agasallos de Nadal no edificio Obra Social Abanca Cervantes

21 DE DECEMBRO

**A partir das 11 h**
Zona de furgonetas gastronómicas e actividades musicais, creativas, solidarias e sobre sostibilidade na contorna da praza do 8 de Marzo e praza de Cervantes. Postos de restauración e concertos na Cantina Gourmet (carpa situada no corredor de Bonaval entre o CGAC e o Museo do Pobo Galego)

**De 11 a 21 h**
Feira Creativa de Agasallos de Nadal e gardería-ludoteca no edificio Obra Social Abanca Cervantes

22 DE DECEMBRO

**A partir das 11 h**
Zona de furgonetas gastronómicas e actividades musicais, creativas, solidarias e sobre sostibilidade na contorna da praza do 8 de Marzo e praza de Cervantes. Postos de restauración e concertos na Cantina Gourmet (carpa situada no corredor de Bonaval entre o CGAC e o Museo do Pobo Galego)

**De 11 a 21 h**
Feira Creativa de Agasallos de Nadal e gardería-ludoteca no edificio Obra Social Abanca Cervantes

## *Cantar ELAS.* Leilía

Teatro Principal | De balde



**VENRES, 27 DE DECEMBRO**
**SÁBADO, 28 DE DECEMBRO**

**Duración: 75 min**

Leilía nace no ano 89 cando seis mulleres se xuntan para recuperaren do esquecemento a tradición oral galega. Ao son de pandeiretas e voces, pronto van agromando os froitos.
A mediados dos 90 chega o louvado *Leilía* (Dismedic) composto exclusivamente por pezas tradicionais.
O seguinte reto será achegar a música do pasado ao presente, por medio da incorporación de instrumentos e polifonías non tradicionais. Así nace I é verdade i é mentira (Virgin Records, 1998) baixo a produción musical de Nando Casal e Antón Seoane, membros de Milladoiro.
No ano 2003 chega *Madama* (Discmedi) incorporando letras de temática actual. En 2005, coincidindo co 15º aniversario, publican *Son de Leilía* (Leilear), un percorrido pola historia do grupo.

Leilia emprende esta nova aventura cos pés postos no novo traballo discográfico e á vez botando a mirada ás súas orixes e ao percorrido que levan feito xuntas, desde xa hai 30 anos.
Florece este espectáculo *CantarElas* xuntando temas emblemáticos, que as acompañaron e as emocionaron nos directos, con temas pouco coñecidos e aos que revisten co toque actual de Leilía.

Con eles queren celebrar o seu aniversario, pechar o círculo conectando a orixe coa actualidade, pasando polas diferentes sonoridades do grupo.
Convídannos a viaxar da súa man a través das melodías, da evolución sonora, dos cambios escenográficos... e a percorrer con elas a súa historia, unha historia chea de fabulosos momentos grazas ao público, público ao que se deben e ao que queren agasallar con esta viaxe músical!!

**ELENCO. Pandeireteiras:** *Ana Rodríguez, Rosario Rodríguez, Montse Rivera, Felisa Segade, Patricia Segade e Mercedes Rodríguez*

# FESTA

## 28 de decembro

De 12 a 14 e de 16.30 a 20 h
Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela

apego

### Música

12.30 h As parábolas de Pakolas
19.30 h O veleiro verde. María Fumaça

### Teatro

12 e 13 h Nube, nube, sol. Teatro ao Cubo
17 h Patapatum. Elefante Elegante

### Movemento

12 e 18 h Zampadanzas.
16.30 h Ninananas. Mercedes Prieto

Reserva o teu xantar con Apego no Lasso no 981 573 807

### Contos e monicreques

12 h Bichocas. Atenea García
13 h Barquiño de pau. A Tropa de Trapo
17 h Utopías. Atenea García
18 h O castiñeiro do Apalpador. Fantoches Baj

### Recursos

Aliati. gal
Fabaloba

### Audiovisual

As aventuras de Po. Apego
Caracois e Cocorico. OQO Editora
Tutu. Ficción Producións
As aventuras de Minchi. CTV Produtora

### Feira

Escolas Infantís Municipais
Centros Socioculturais Municipais
Libraría Couceiro
Brazolinda Xogos
Gaia Ecocrianza
Escolas Semente
Apego

### Obradoiros

Morcegos e boliches. Xandobela

### Xogos

Terra Miúda

### Bebeteca

Gaia Ecocrianza

Un día de actividades variadas para familias que queiran socializar os cativos e cativas en galego.
Recomendado de 0-6 anos
Entrada de balde ata completar a capacidade en cada espazo

CONCELLO DE SANTIAGO

## Coro da Ra, Coro Son Elas, Coro Estudio e Coros Infantís da Escola Municipal de Música

19 h | Teatro Principal | De balde

DOMINGO, 22 DE DECEMBRO

**Duración: 2 h**

**CORO ESTUDIO**
Coro Estudio é un grupo humano unidos pola paixón pola música vocal e onde comparten esforzos e amizade, dentro e fóra dos ensaios O repertorio é de estilos modernos: jazz, soul, gospel, bossa, pop etc. Están vencellados a Estudio, Escola de Música, a súa casa e lugar de ensaios, onde son o coro propio da escola; unha institución que leva décadas formando aos mellores músicos/as de jazz de Galicia, e que ofrece desde este ano o grado profesional oficial en música moderna.



**SON ELAS**
Coro formado na súa totalidade por mulleres unidas por unha paixón común: A MÚSICA.
Mulleres que van dende os doce aos setenta e cinco anos, de profesións diversas: funcionarias, universitarias, médicas, concelleiras, economistas, estudantes de instituto, actrices, xornalistas, amas de casa, profesoras...; pero todas forman unha gran familia, unidas polo gusto de cantar.
O nome "Son Elas" xorde desa dobre condición: ser mulleres e gustarlles a música, cun certo aire reivindicativo do papel de muller na sociedade, que por desgraza tantas veces hai que lembrar. A dirección e os arranxos corren a cargo de Pilar Martínez, que adapta temas de diferentes estilos, variados e contemporáneos, a maioría verquidos á lingua galega.

**CORO DA RA**
O Coro da Ra é un dos coros residentes de Estudio Escola de Música, de Santiago. Foi o primeiro coro de Galicia en interpretar música moderna a cappella, especialmente soul, pop, rock, gospel, jazz... Nos seus case 27 anos de existencia pasaron máis de 200 cantantes polas súas filas, entre eles recoñecidos artistas da escena musical e teatral galega. Foron os primeiros tamén en levar a súa música ás rúas en forma de acción teatral, co que chaman "concertos comando".
Actuaron en diversas televisións, nos principais teatros de Galicia, e multitude de escenarios de todo tipo, desde mercados ata salas de exposicións.
No seu repertorio podemos atopar pezas de Stevie Wonder, Pink Floyd, Queen ou Frank Zappa, pero tamén de Fran Pérez "Narf", ou Siniestro Total.
Dos seus concertos, o mellor que se pode decir é que ao escoitalos, dan ganas de cantar.

**COROS INFANTÍS EMM- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA**
Na actualidade, a Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela conta cunha matrícula de 449 alumnos e alumnas a partir dos 3 anos e 18 profesores e profesoras que imparten 18 especialidades instrumentais.
Así mesmo, conta con numerosas agrupacións como a Orquestra, a Banda e os Coros de adultos e de nenos e nenas, estes últimos participantes nesta Jam de Barrio Vocal do Nadal 2019.
A práctica da música fai que no proxecto pedagóxico todo o alumnado teña o maior número de oportunidades para interpretar e improvisar ao redor da música. Tanto a EMM como o Departamento de Educación do Concello de Santiago teñen o empeño de ofrecerlle ao alumnado e ás familias todo tipo de oportunidades para promover a interpretación de música ao vivo, realizando o maior número de concertos posibles das diferentes agrupacións musicais que integran a EMM, procurando buscar o acordo e a complicidade de diferentes colectivos de Santiago.

# CONCERTO DE FIN DE ANO

23.30 h | Praza do Obradoiro | De balde

MARTES, 31 DE DECEMBRO

**Duración: 2 h**



Colectivo Panamera renova os ritmos máis queridos do outro lado do Atlántico: desde a cumbia ata o calypso, pasando pola rumba e o carnavalito, mesturado todo iso co rock máis auténtico.
As melodías que saen das tres mentes creadoras do colectivo: Nacho Taboada (guitarras e voz), Pepe Curioni (guitarras, baixos e voz) e Vanja Polacek (batería e voz), transmiten unha alegría por vivir. E as súas letras falan dos temas máis universais do ser humano, como o amor e o desamor, a viaxe por fóra e por dentro dun mesmo e o paso do tempo.
O Colectivo despregа nos seus directos diversión, baile e bo ambiente sen mesura. Grazas a esta electrizante posta en escena, en menos dun ano, xa percorreron practicamente toda a xeografía española, deixando ao seu paso miles de panatrópicos enchufados aos seus sons de mestizaxe.
Unha viaxe por territorio nacional e internacional, que segue fluíndo. O trío acaba de lanzar o seu primeiro disco de estudo, que chega cargado de sons novos. Con Colectivo Panamera, a volta ao mundo é posible. E, sen dúbida, coa súa nube de ritmos, atravesarán todo tipo de fronteiras, idades e sexos.

**Guitarras eléctricas y acústicas, ukulele y tres cubano**
Francois Le Goffic
**Pianos, sintetizador y clarinete**
Sasha Pantchenko
**Guitarras eléctricas**
Tato James
**Guitarras eléctricas**
Alex "El flaco" Hernanz
**Sintetizador**
Pablo Oliva

**Acordeón**
Lucas Villafañe
**Guitarra española y tres cubano**
Miki Ramírez
**Coros**
Georgina

# PASEARTE

**Do 5 de decembro de 2019 ata o 5 de xaneiro de 2020**

**MOSTRA DE ARTE CONTEMPORÁNEA NOS ESCAPARATES DE SANTIAGO CENTRO**

Máis de 50 artistas pertencentes ás galerías de arte Tinta, Metro, Luísa Pita e Nordés da cidade de Santiago, exhibirán as súas obras nos escaparates dunha selección de outros tantos comercios.

**ARTE EN VIVO NAS CRISTALEIRAS DOS ESCAPARATES**

Unha selección de artistas levarán a cabo diferentes accións artísticas na cristalarías e nos espazos dos escaparates xerando expectación entre o publico que pasea ou fai as súas compras nos comercios do Ensanche.

LUNS, 9 DE DECEMBRO

11 h | **Xoiería Jael. Rúa do Xeneral Pardiñas, 6 /** OLMO BLANCO

17 h | **Tintorarîa España. Rúa de San Pedro de Mezonzo, 3 /** MANUEL EIRÍS

MARTES, 10 DE DECEMBRO

11 h | **Teté Niños. Rúa de Montero Ríos, 16 /** LÚA GÁNDARA

17 h | **Quatrium Inmobiliaria. Rúa do Xeneral Padiñas, 10 /** JAVIER DE LA ROSA

MÉRCORES,11 DE DECEMBRO

11 h | **Óptica Tábora. Rúa da República do Salvador, 12 /** ALINA GRANADOS

17 h | **Froitería Entrenaranjos. Rúa da República Arxentina, 18 /** HAYA BLANCO

XOVES, 12 DE DECEMBRO

11 h | **Papelería Xaquín. Rúa Nova de Abaixo, 14 /** EDU ALDO

17 h | **O Colmado da Vila. Rúa de Alfredo Brañas, 6 /** SANTI JIMÉNEZ

VENRES, 13 DE DECEMBRO

11 h | **Aeroclub. Rúa do Xeneral Pardiñas, 34 /** DAVID PLANAS

**OBRADOIROS PARA FAMILIAS** impartidos por reconocidos artistas

**CSCX do Ensanche | De balde**

Inscrición previa chamando ao 981 543 001 ou presencialmente no CSCX do Ensanche

XOVES, 26 DE DECEMBRO

18 a 20 h

DE CERÁMICA (15 prazas) . *Pablo Barreiro*

Tradición e contemporaneidade. A cerámica é unha técnica que forma parte da historia, de diferentes épocas e sociedades, pero tamén de proxectos contemporáneos nos eidos da arte ou o deseño. Pablo Barreiro introduciranos neste apaixonante mundo experimentando e creando coas nosas mans. *A partir de 10 anos*

SÁBADO, 28 DE DECEMBRO

18 a 20 h

MIRA E REPRESENTA (15 prazas) . *Xurxo Martiño*

Exploraremos as diferentes miradas sobre un mesmo obxecto ou imaxe e experimentaremos da man do coñecido artista Xurxo Martiño as diferentes formas de representación do modelo, desde a máis fiel á realidade ata a máis libre e subxectiva. *A partir de 10 anos*

XOVES, 2 DE XANEIRO

18 a 20 h

NADA SOBRA. NADA FALTA. (15 prazas). *Sebas Anxo*

Cortar, manchar, pintar, rachar, pegar, ensamblar, desfacer... Partimos do caos buscando a certeza, o equilibrio, onde a mirada repousa, onde nada sobra e onde nada falta. O artista Sebas Anxo, mestre do collage e a pintura, será o encargado de guiarnos ao través dunha experiencia lúdica á procura da composición ideal. *A partir de 10 anos*

SÁBADO, 4 DE XANEIRO

18 a 20 h

ESCULTURA SIMPLE (15 prazas). *David Planas*

Escultura simple iníciate no mundo da tridimensionalidade mediante o modelado coas mans. Neste obradoiro, dirixido polo artista David Planas, descubriremos as posibilidades das arxilas rápidas de cocción en fornos de baixa temperatura, coas que poderemos levar á terceira dimensión esa marabillosa idea que nos ronda pola cabeza. *A partir de 6 anos*

**DE PASEO AO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA**

Colaboración Centro Galego de Arte Contemporánea - PASEARTE




**OBRADOIROS DE NADAL**

**Son eu? (15 prazas)**

SÁBADO, 21 DECEMBRO DE 2019

**11 a 13 h | De balde.** Nenos e nenas de 4 a 6 anos

**17 a 19 h | De balde .** Nenos e nenas de 7 a 9 anos

Inscrición previa en *pasearte@santiagocentro.gal* ou 649 610 287

**Viaxe espacial (15 prazas)**

DOMINGO, 22 DECEMBRO DE 2019

**11 a 13 h | De balde.** Nenos e nenas de 4 a 6 anos

**17 a 19 h | De balde.** Nenos e nenas de 7 a 9 anos

Inscrición previa en *pasearte@santiagocentro.gal* ou 649 610 287

## Campus Sar. Nadal

**Do 23 de decembro de 2019 ata o 7 de xaneiro de 2020**

**De 08.45 a 14.30 h | Multiusos Fontes do Sar**
**Prezo: 9€ /día para socios. 13 €/ día para non socios**

Actividades deportivas, piscina, obradoiros de Nadal, inchables, baile, xogos cooperativos... De 4 a 14 anos

Inscrición previa na recepción do Multiusos Fontes do Sar e CD de Santa Isabel

## Conciliación Nadal

**Días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2019 e 2, 3 e 7 de xaneiro de 2020**

**De 09 a 14 h.** Ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14 a 16:00 horas) | **Instalacións do CEIP Monte do Postes e do CEIP Ramón Cabanillas**

Espazo educativo, de promoción do ocio e tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións. De 3 a 12 anos que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela. Máis información: no Departamento Municipal de Educación 981 55 44 00 e en *www.santiagodecompostela.gal*

Inscrición previa e matrícula

# Actividades CSC

**Do 2 de decembro de 2019 ata o 7 de xaneiro de 2020**

Durante o mes de decembro e para gozar das festas de inverno en barrios e parroquias, os centros socioculturais preparan unha programación de actividades diversas e para todos os públicos.

Podemos atopar obradoiros de preparación de adornos de Nadal, obradoiros de cociña, de confección de agasallos, decoraremos xuntos os nosos centros, cantaremos e lembraremos panxoliñas e historias de Nadal, poñeremos atención na importancia de desaceleración do consumo nestas datas e da solidariedade.

Haberá espectáculos artísticos, festivais de Nadal e festas para despedir este ano 2019 na compaña da veciñanza.

### ACTIVIDADES ARREDOR DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Aprenderemos nos espazos de novas tecnoloxías dos centros a utilizar as ferramentas informáticas para aplicalas nas festas. Descubriremos, entre moitas posibilidades, como buscar receitas típicas ou facer tarxetas postais, crear un vídeo de Nadal, marca páxinas e mesmo o calendario para o ano 2020 personalizado.

Podemos preparar as cartas de Reis e a compra en liña de modo seguro.

As actividades realizaranse nos centros con espazos de novas tecnoloxías.

Todas as actividades son de balde, pero é necesaria unha inscrición previa.

Infórmate  no teu centro sociocultural máis próximo.

### AGASALLO VIAXEIRO

Actividade de longa tradición nos CSC que consiste na elaboración de pequenos agasallos para intercambiar con outros destinatarios e destinatarias descoñecidos. Os agasallos realízanse nos obradoiros programados na rede, e quen envía un recibe outro dunha persoa descoñecida.  Deste xeito foméntase a amizade, o altruísmo e a diversión.

Actividade dirixida ao público infantil  a partir  dos 5 anos, con inscrición previa en cada centro sociocultural.

Consultar as datas e horarios dos obradoiros nos centros socioculturais.

### OPERACIÓN QUILO

Campaña impulsada polo Centro Don Bosco de recollida de alimentos e produtos de hixiene en varios centros socioculturais da rede, nos que hai un punto de recollida onde depositar a túa achega. Anímate a ser quilocolaborador!

**Puntos de recollida:**

*CSC de José Saramago de Vite*
*CSCX do Ensanche*
*CSC de Aurelio Aguirre de Conxo*
*CSC do Castiñeiriño*
*CSC de Amio*
*CSC da Cidade Histórica*
*CSC do Romaño*
*CSC de Fontiñas*
*CSC da Trisca*

Máis información e outros puntos de recollida da cidade:
*www.cxdonbosco.org*

# Festivais nos CSC

## FESTIVAIS DE NADAL

MARTES, 17 DE DECEMBRO
a partir das 18.30 h no CSC de A Rocha.

MARTES, 17 DE DECEMBRO
a partir das 16.30 h no CSC de Cardenal Quiroga

MÉRCORES, 18 DE DECEMBRO
a partir das 18.30 h no CSC de Sar

VENRES, 20 DE DECEMBRO
a partir das 18 h no CSC de Conxo.

VENRES, 20 DE DECEMBRO
a partir das 18.30 h, no CSC de Pontepedriña

SÁBADO, 21 DE DECEMBRO
a partir das 10 h no CSC de As Cancelas.

XOVES, 26 DE DECEMBRO
a partir das 18.30 h no CSC da Casa Agraria.

## FESTIVAIS DE FIN DE ANO

XOVES, 19 DE DECEMBRO
a partir das 18 h no CSC de Vite.

SÁBADO, 21 DE DECEMBRO
a partir das 18 h no  CSC do Castiñeiriño.

VENRES, 27 DE DECEMBRO
a partir das 18 h no CSC de Marrozos.

SÁBADO, 28 DE DECEMBRO
a partir das 10 h no CSC de As Cancelas. Festa de Reis.

SÁBADO, 28 DE DECEMBRO
a partir das 18 h no CSC Conxo.

SÁBADO, 28 DE DECEMBRO
a partir das 17 h no CSC de San Lourenzo.

# OUTROS ESPECTACULOS E OBRADOIROS VARIOS

## CSC DAS FONTIÑAS

**Venres, 20 de decembro ás 20 h,**
**no salón de actos. De Balde**
**Concerto de Jamila Castillo/ música popular Cubana.** Público adulto.
Entrada libre ata completar capacidade da sala.

## CSC DE SANTA MARTA

**Xoves, 5 de decembro ás 18.30 h | De Balde**
**Obradoiro "Tira do fío" (25 prazas)**
Xogo cooperativo + petisco + mesa redonda. Nenas/os de 3 a 9 anos. Inscrición previa, gratuíto.

**Martes, 17 de decembro ás 18.30 h**
**"En xogo: cantares de Nadal"** A través das panxoliñas os nenos/as gozarán cantando e bailando cantares típicos do Nadal.

**Sábado, 21 de decembro ás 17.30 h**
***Obradoiro* "Construímos unha zambomba e cantamos o Nadal" Público familiar**

**Sábado, 21 de decembro ás 19 h**
**na Sala Agustín Magán.**
**Compañía Teatro Estable de Leganes "Baldosas"**
Comedia estrambótica que caricaturiza o mercado inmobiliario. Público adulto.
Entrada libre ata completar capacidade da sala.

**Venres, 27 de decembro ás 18 h.**
***Obradoiro de cociña* "turrón de Nadal" Público familiar**

**Xoves, 2 de xaneiro ás 18.30 h**
**"Hoxe conta comigo: historias de Nadal"**
A través de contos en papel e/ou escenificacións faremos chegar aos nenos/as diferentes historias relacionadas co Nadal

## CSC DE CONXO

**Sábado, 14 de decembro de 11 a 14 h**
**Praza de Aurelio Aguirre**
**Mercado de troco do xogo, xoguete e libro infantil en colaboración co Club Mozo do CSC de Conxo**
Pequeno mercado onde a rapazada poderá trocar os seus libros, xogos ou xoguetes en bo estado e que xa non usen por outros que lle gusten máis. Tódolos públicos.

**Venres, 27 de decembro ás 19 h.**
***O Capitán Garfio*. Saul Chicharrón.** Ciclo Jam de barrio. Augusto Loureiro ten un soño: ser cociñeiro no prestixioso restaurante "Os Tres Tenedores". Queda só un día para as probas e aínda moito por aprender... Conseguirá o Capitán Garfo ensinarlle como se alimentan os auténticos superheroes?
Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

## CSC DE VITE

**Mércores, 11 de decembro de 19 a 21 h | De balde**
***Obradoiro* "Decor-arte",**
**Decora a túa mesa para as festas**
Realización de elementos para decorar a túa mesa para as festas. 10 prazas (previa inscrición).

**Venres 27 de decembro**
**de 17.30 a 18.30 h | De balde**
*Obradoiro* de cociña dirixido a nenos/as de 6 a 10 (previa inscrición).

**Venres 27 de decembro de 19 a 20.30 h | De balde**
*Obradoiro* de cociña dirixido a rapazas/es de 12 a 17 (previa inscrición).

**Venres, 3 de xaneiro ás 19.30 h.**
**Marcos Teira. *Translation trio.* Concerto de flamenco.** Ciclo concertos Jam de Barrio. Marcos Teira, guitarrista de dilatada traxectoria dentro do panorama da guitarra flamenca. Utiliza un repertorio de músicas adaptadas á linguaxe da guitarra flamenca. De distinta procedencia e autoría, ás músicas dende John Lennon ata Charles Mingus por bulerías ou fandangos...
Entrada libre ata completar a capacidade da sala

## CSCX DO ENSANCHE

**Venres, 13 de decembro de 18 a 20**
***Obradoiro* de decoración de Nadal.** Faremos diversas manualidades para decorar o centro e a árbore.

**Xoves, 19 de decembro**
**de 17.30 a 21 h | De balde**
Encontro de xogadores afeccionados ao xadrez, con xogadas programadas. Previa inscrición no propio centro.

## CSC DA TRISCA

**Xoves, 12 de decembro ás 18.30 h**
**"Un nadal de refugallo".** Adornos con corchos para casa e árbore xigante con cartón para o Centro Sociocultural.

**Venres, 13 de decembro ás 17.30 h | De balde**
**"Trisca chefs".** Venres de merenda. Actividade interxeracional na que se realiza unha merenda cunha receita de Nadal.

**Xoves, 19 de decembro ás 19 h.**
**"Corcho-broche da Apalpadora"** con material de refugallo e landras.

**Sábado, 21 de decembro a partir das 17 h.**
**"Agasallos de Nadal".** Consiste no traballo manual dun obxecto ou xogo coa finalidade de agasallar a alguén querido, pode ser dende marcos de fotos, pulseiras, fundas para o teléfono... cada persoa deberá incentivar as súas habilidades e actitudes físicas, sociais e artísticas. Público infantil.

**Venres, 3 de xaneiro ás 17.30 h | De balde**
**"Trisca chefs".** Venres de merenda: Temática Reis Magos. Actividade interxeracional na que se realiza unha merenda cunha receita de Reis Magos.

## CSC DA ROCHA

**Martes, 3 de decembro ás 18.30 h | De Balde**
Elaboración de centros e coroas de Nadal.

**Martes, 10 de decembro ás 18.30 h.**
Elaboración de velas e decoración da mesa para Nadal.

**Sábado, 21 de decembro ás 19 h, salón de actos.**
Actuación do grupo de teatro Rocha Forte coa obra "A touro pasado".

## CSC DE SAN LOURENZO

**Sábado, 7 de decembro e xoves, 12 de decembro a partir das 17 h.**
***Obradoiro* de "Pequenos artistas:"** Realización de traballos manuais e decorativos (unha árbore, grilandas, personaxes...) e darlle a benvida ao Nadal.
Público infantil.

**Xoves, 2 de xaneiro, ás 17 h.**
**"Cociña de Nadal".** Obradoiro de repostería no que se cociñarán galletas de Nadal. Público infantil.

## CSC DE SAR

**Mércores, 11 de decembro ás 18.30 h | De balde**
Obradoiros de Nadal para tódolos públicos

**Xoves, 12 de decembro ás 18.30 h | De balde**
Obradoiros de Nadal para tódolos públicos

## CSC DA PONTEPEDRIÑA

**Xoves, 19 de decembro de 18.30 a 20 h.**
**"Xymkana de Nadal",** os/as usuarias deberán intentar cumprir unha serie de probas para conseguir un obxectivo conxunto, polo que deberán traballar en equipo.

**Luns, 23 de decembro ás 18.30 h | De balde**
**Obradoiro de "decoración de bolsas de Nadal"**
para nenas/os

## CSC DO CARDEAL QUIROGA

**Martes, 3 de decembro ás 17.30 h.**
**"Amizade invisible".** Cada participante terá unha persoa á que agasallará con algún detalle froito dunha manualidade. Ao rematar o Nadal repartiranse os agasallos entre todos os participantes. Inscrición previa. Tódolos públicos.

## CSC DA CASA AGRARIA

**Xoves, 12 de decembro de 18.30 a 20 h | De balde**
**"Montaxe da Arbore de Nadal".** Acabaremos a montaxe da árbore, para decorar o centro, que comezaron as crianzas na actividade de manualidades.
Tódolos públicos.

**Xoves, 19 de decembro de 18.30 a 20 h | De balde**
**Obradoiro de Adornos de Nadal.** Tódolos públicos.

## CSC ROMAÑO

**Xoves, 12 de decembro de 17 a 18.30 h.**
**Obradoiro de adornos de Nadal**
Realizaranse adornos para decorar xuntos o centro.

**Xoves, 19 de decembro de 17 a 18.30 h | De balde**
**Obradoiro de adornos de Nadal** para o decorar o centro e para levar a casa.

**Xoves, 26 de decembro de 17 a 18.30 h**
Obradoiro de adornos de Nadal

## CSC DA GRACIA

**Luns, 16 de decembro ás 19 h | De balde**
***Obradoiro* de elaboración de turróns**. Adultos

**Luns, 23 de decembro ás 19 h | De balde**
***Obradoiro* de elaboración de centros de Nadal**.
Adultos

**Luns, 30 de decembro ás 18 h | De balde**
***Obradoiros* de decoración de mesa de fin de ano**
Adultos

## CSC DE BUSTO

**Venres, 13, 20 e 27 de decembro de 18 a 19.30 h.**
**"Deconadal"** Obradoiros de elaboración de adornos de Nadal con materiais funxibles e de reciclaxe para adornar o centro e os seus propios fogares.

**Venres, 13, 20 e 27 de decembro**
**de 16.30 a 18 h | De balde**
**"Saboreando o Nadal"** Actividade na que cada un compartirá unha receita de Nadal co resto do grupo e levaranse a cabo a elaboración e degustación de receitas. Público adulto.

**Venres, 27 de decembro a partir das 17 h.**
Contos e panxoliñas do Nadal. Sesión na que se compartirán contos e costumes de Nadal coas pandeiretas. Tódolos públicos.

## CSC DA LAVACOLLA

**Venres, 13 de decembro de 17 a 18.30 h.**
**Obradoiro de panxoliñas** coa pandeireta ao longo da actividade de pandeireta

**Sábado, 14 de decembro de 17 a 18.30 h.**
**Obradoiro de máscaras.** Deseñarase a cara da Apalpadora cun prato de papel na clase de traballos manuais

**Venres, 20 de decembro de 17 a 18.30 h | De balde**
**Panxoliñas con pandeireta.** Todos os públicos

## CSC DE NEMENZO

**Sábados, 14 e 21 de decembro de 11 a 12 h | De balde**
Obradoiro de confección de adornos de Nadal con diversos materiais de refugallo. Público infantil

**Sábados, 14 e 21 de decembro de 12 a 13 h | De balde**
**"Panxoliñas de Nadal, ven a cantar!"** Todos os públicos

## CSC DE SANTA CRISTINA DE FECHA

**Mércores, 4 e 11 de decembro de 17.30 a 18.30 h Confección de adornos de Nadal con materiais de refugallo.** Adultos. De balde

## CSC DE VERDIA

**Sábados, 14 e 21 de decembro de 17.30 a 18.30 h.**
**Obradoiro de confección de adornos de Nadal con diversos materiais de refugallo**. De balde.
Todos os públicos

**Sábados, 14 e 21 de decembro de 17.30 a 18.30 h.**
**"Panxoliñas de Nadal, ven a cantar!".** Todos os públicos

## CSC DE VILLESTRO

**Venres, 13 de decembro de 18.30 a 20 h | De balde**
**Cociña de Nadal.** Elaboración de turróns de chocolate
Actividade para adultos

**Martes, 17 de decembro de 18.30 a 19.45 h | De balde**
Elaboración dun canón de confeti caseiro dentro do programa de Diverciencia. Público infantil

**Venres, 20 de decembro de 18.30 a 20 h | | De balde**
Preparación de petiscos de Nadal dentro do programa
Público adulto

**Venres, 27 de decembro de 18.30 a 20 h | De balde**
Elaboración de pionono de Nadal dentro do programa Cociña de Nadal. Público adulto

# A APALPADORA E A PAXE DO NADAL

**Desde o 14 de decembro de 2019 ao 4 de xaneiro de 2020**

O Apalpador, vello carboeiro que baixa do Courel tocando as barrigas dos nenos/as, convértese en Santiago de Compostela nunha Apalpadora, unha muller do século XXI, que trae con ela a reivindicación da igualdade no medio dos mellores desexos de paz e benestar. Unha tradición de Galicia para o mundo.

Sheila Patricia, contacontos e acordeonista, transmitirá a través desta personaxe a nosa tradición de Nadal recuperada o longo de estes anos.

Erica Gónzalez, tamén conta contos, transfórmase na Paxe do Nadal, e engaiolará os nenos e nenas dos centros socioculturais, falándolles do Nadal noutros lugares do mundo e dos distintos persoeiros que traen a ilusión e os agasallos nestas datas.

## DECEMBRO

**Sábado, 14 de decembro**
**ás 18 h no CSC de Verdía**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Luns, 16 de decemro**
**ás 18 h no CSC da Pontepedriña**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Martes, 17 de decembro**
**ás 18 h no CSC do Cardeal Quiroga**
visita teatralizada da Apalpadora

**Martes, 17 de decembro**
**ás 19 h no CSC de Bando**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Xoves, 19 de decembro**
**ás 17 h no CSC de Sar**
visita teatralizada da Paxe de Nadal

**Xoves, 19 de decembro**
**ás 18.15 h no CSC de Vite**
visita teatralizada da Paxe de Nadal

**Xoves, 19 de decembro**
**ás 19.30 h no CSC da Trisca**
visita teatralizada da Apalpadora

**Venres, 20 de decembro**
**ás 18.15 h no CSC de Santa Marta**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Venres, 20 de decembro**
**ás 19.30 h no CSC de Conxo**
visita teatralizada da Apalpadora

**Sábado, 21 de decembro**
**ás 12.30 h no CSC de Nemenzo**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Sábado, 21 de decembro**
**ás 17.30 h no CSC de Figueiras**
visita teatralizada da Apalpadora

**Sábado, 21 de decembro**
**ás 19 h no CSC de San Lourenzo**
visita teatralizada da Apalpadora

**Domingo, 22 de decembro**
**ás 12.35 h no CSC de Marrozos**
visita teatralizada da Apalpadora

**Domingo, 22 de decembro**
ás 18 h no CSC de Aríns
visita teatralizada da Apalpadora

**Xoves, 26 de decembro**
**ás 18.30 h no LSC da Casa Agraria**
visita teatralizada da Paxe de Nadal

**Xoves, 26 de decembro**
**ás 19.30 h no CSC de Villestro**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Venres, 27 de decembro**
**ás 19 h no CSC de A Gracia**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Venres, 27 de decembro**
**ás 17.30 h no CSCX do Ensanche**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Venres, 27 de decembro**
**ás 19.45 h no CSC de Busto**
visita teatralizada da Apalpadora

**Sábado, 28 de decembro**
ás 18 h no CSC do Castiñeiriño, visita teatralizada da Apalpadora

**Sábado, 28 de decembro**
ás 19.30 h no CSC de Grixoa
visita teatralizada da Apalpadora

## XANEIRO

**Xoves, 2 de xaneiro**
**ás 18 h no CSC de Laraño**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Xoves, 2 de xaneiro**
**ás 19.30 h no CSC de A Peregrina**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Venres, 3 de xaneiro**
**ás 19 h no CSC das Fontiñas**
visita teatralizada da Paxe do Nadal

**Sábado, 4 de xaneiro**
**ás 18 h no CSC de Bornais**
visita teatralizada da Paxe do Nadal





# Cabalgata de Reis 2020

## AGASALLANDO ILUSIÓNS



Se queres formar parte da cabalgata deste ano chama **antes do 18 de decembro** ao **604062506** en horario de 9.30 a 14 h e infórmate sobre como participar

CONCELLO DE SANTIAGO

Volver ao comezo